

## ***A rapa-za das bestas***

*Obra:*

*Autor: Pablo Nire*

*Tipo de texto: Narrativo*

-Díxenche que non, Tania! Non me quero enfadar.

-Pero, papá, eu...

-Nin ti, nin nada! Iso non é para mulleres e acabouse. Serías ti a primeira que...

-E que ten iso de malo? Tamén Marie Curie foi a primeira muller que...

-Non fagas comparacións absurdas! Por cada muller que ti menciones, podo dicir eu cen homes. Ademais, ela non se xogaba a vida no seu.

-Si, si o facía! O seu traballo provocoulle a enfermidade. E tamén houbo unha primeira muller que subiu ó Everest, unha que viaxou ó espazo, a que...

-É moi diferente!! Nós estamos a falar doutra cousa. Algo que.... algo coma...; coma unha guerra! Si, iso mesmo. É algo parecido a unha batalla na que hai que ter forza, aguante, habilidade; e, sobre todo, valor, moito valor.

-E eses son atributos exclusivos dos homes?

-Pois si! Do mesmo xeito que eu non podo parir, unha muller non pode...

-E por que non? Traer un neno ó mundo é algo natural que non se pode cambiar. Pero esoutras cousas son costumes doutros tempos que os propios homes nos quixeron impoñer. Non houbo tamén na historia mulleres que loitaron nas guerras e demostraron ter moito máis valor cós propios homes? Que me dis de Agustina de Aragón?

-Bah, non me veñas con historias!

-Non, historias non, papá; His-to-ria, pura realidade! E María Pita, eh? Galega, coma min! Cantas veces me tes falado dela todo cheo e gabándote de que a túa avoa tamén era coruñesa? Nin os ingleses, por moi machos que foran, puideron con ela. -Tania comezaba a falar rápido e en voz alta, mentres seu pai facía xestos ostensibles de que a súa paciencia estaba a piques de se esgotar-. Ademais, esta festa existe gracias a dúas mulleres que hai séculos...

-Si, e agora vai resultar que Carapuchiña comeu ó lobo!, non si? -interrompeu seu pai irónico.

-Déixate de bromas, papá! Non te fagas o simpático!

-Eu non estou de broma! E abonda xa! -berrou enfadado, petando na mesa coa palma da man-. Dixen que non vas, e non vas! E... deixemos o conto como está!

Anxo Lores non era un pai demasiado intransixente para as demais cousas; pero non podía entender as intencións da súa filla de participar na Rapa, no medio daquelas bestas, onde sempre houbera homes, e nada máis que homes...! Para alguén da súa idade e costumes, aquilo resultaba incomprendible. Por iso, tras erguer a voz daquel xeito, levantouse da mesa e marchou da casa, batendo a porta con forza tras de si.

Tania, ademais da máis nova, era a única filla da casa, despois de dous homes. Viña de cumprir dezanove anos e, aínda que non era moi alta, tiña unha forte constitución física. Por se fora pouco, o seu nervio e vitalidade facían dela unha muller que, traballando decote na terra, non tiña envexa algunha do labor de calquera home. O certo é que Tania sempre fora diferente ás outras mozas de Sabucedo. Anxo tíñase amosado orgulloso moitas veces de que todo o mundo dixera que era igual ca el, “un cadriño de seu pai”. No físico, no carácter teimudo, na capacidade de traballo... Ata o nome que escollera para ela parecía terlle escrito o destino caprichosamente de antemán: Tania (=Fiel ó pai). Pero, agora, Anxo comezaba a advertir que a súa filla tamén quería ser coma el en cousas que non debía. Semellábase a el, de máis.

Cando quedaron soas na cociña, sentadas aínda na mesa, ela e maila súa nai, permaneceron un tempo en silencio. Por fin, a rapaza recuperou a conversa:

-Non é xusto, non é nada xusto! –laiábase.

-Tania, filla, debes entender a teu pai –contestou súa nai-. El é un home doutro tempo, apegado ás tradicións, e o que ti lle estás a pedir...

-Pero non ten tanto problema cando me pide que traballe na terra decote e faga os mesmo labores que meus irmáns e todos os demais homes –berrou Tania-. Para iso, as tradicións non fan diferenzas entre os homes e as mulleres, verdade?

-Iso é diferente, muller –insistía a nai. Ergueuse da mesa e comezou a recoller os pratos-. Nós temos que traballar todos moi duro para saírmos adiante, e é normal que ti nos axudes.

-Si, claro. Para iso, si –dixo a rapaza entre dentes-. E tamén podó ir ó monte visitar as bestas, coidar das crías que enferman, enterrar as que comen os lobos. Pero, participar na festa...? Iso si que non. Como nacín muller...

-Xa coñeces o dito –engadiu a nai, mentres abría a billa da auga no vertedoiro-: o home é un animal de costumes.

-Si, o home, si –exclamou Tania, poñéndose en pé e levando considerablemente o seu ton de voz-. Pero coído que a muller, non!

Tania deu por rematada a charla e tamén saíu da casa, visiblemente anoxada.

Esa noite, a rapaza apenas puido conciliar o sono. Debatíase continuamente entre facer o que sempre soñara, ou acatar as ordes de seu pai. Por unha banda, pensaba que ela era maior de idade e podía... Pola contra, imaxinar o desgusto que lle daría... Incluso o asunto do nome se converteu nunha auténtica obsesión que batía unha e outra vez na súa mente: Tania, Tania, Tania... “Fiel a seu pai”. A decisión era ben complicada.

Xa de madrugada, Anxo Lores ergueuse moi cedo e dirixiuse ó cuarto dos seus fillos, Lois e Paco. Como era de agardar, xa marcharan. A esa hora, debían andar polo monte, ás ordes do bestilleiro, para proceder á baixa dos animais. Seguidamente, achegouse ó cuarto de Tania e, tras dubidar un intre, petou na porta. Ninguén contestou. Volveu chamar pronunciando o nome da rapaza en voz baixa. Máis silencio. As súas sospeitas parecían confirmarse. Por fin, atreveuse a abrir a porta.

-Anxo! –Era a súa muller que o chamaba, aínda dende a cama-. Anxo, non vas ó monte?

O seu home abeirou de novo o cuarto e, a carón da porta, con voz e xesto aflixidos, contestou:

-Tania vai na Rapa.

Aquela mañá de principios de xullo presentárase radiante. O sol relucía nun espléndido ceo azul e, dende moi cedo, a calor comezara a adquirir protagonismo. Preto do mediodía, o curro de cachotes e argamasa construído no século XVIII a carón da igrexa, presentaba un marabilloso aspecto. As bancadas de pedra estaban ateigadas de xentes da vila e visitantes que, cada ano en maior número, eran atraídos polo espectáculo.

Entre o público, atopábase Tania. Aínda que se ergueu cedo por non aturar máis voltas na cama, decidira, no derradeiro momento, non desobedecer a seu pai e conformarse con presenciar a Rapa dende fóra.

De súpeto, a multitude comezou a berrar alporizada vendo chegar, monte abaixo, ducias e ducias de cabalos conducidos polos mozos cara ó curro. O bestilleiro, diante, dirixindo ó grupo, daba as ordes con gritos guerreiros para que homes e bestas seguisen os seus sinais.

Pouco despois, o interior do recinto empedrado convertíase nun auténtico fervedoiro de persoas e animais pelexando entre si. Os aloitadores, de diferentes idades pero todos homes, trataban de montar e inmovilizar os cabalos para cortar as súas crinas; e as bestas, asustadas, remexíanse, erguíanse sobre as patas traseiras, couceaban e rinchaban sen parar.

Tania ollaba o que estaba a pasar alí abaixo moi atenta e con gran excitación; pero, tamén, cun terrible sentimento de envexa que a consumía por dentro. Á súa esquerda, descubriu a seus irmáns. Paco, o máis novo dos dous, despois dunha curta carreiriña, pegou un salto e sentou no lombo dunha das bestas agarrando con forza a súa crina. O animal, intimidado, buscou protección no groso da manda mentres tentaba tirar a Paco. Inmediatamente, un rapaz que levaba un pano branco anoado á cabeza agarrou con forza o pescozo do animal para reduci-lo. Lois, o outro irmán de Tania, cun ancho cinto de coiro moi cinguido por riba do pantalón, agarrou o cabalo polo rabo e comezou a tirar con forza cara a un lado para derrubalo. Súa irmá dedicáballes berros de ánimo dende arriba. Paco baixou ó chan de novo e suxeitou á besta polo outro lado do pescozo, mentres esta forcexaba desesperada. Pero, de súpeto, o animal comezou a dar voltas sobre si mesmo e os tres rapaces atopaban moitas dificultades para controlalo. Nun movemento brusco coa cabeza cara atrás, o cabalo perdeu o equilibrio e caeu contra o muro de pedra. Tania púxose en pé e lanzou un berro de arrepío, ó decatarse de que Paco quedara atrapado entre as pedras da parede e o pesado corpo do animal. Lois e o outro rapaz tiraban con forza para levantar a besta, pero non o conseguían. Cando Lois reclamou máis axuda, Tania saltou ó interior do curro.

-Tania! –berrou Lois, mentres seguía facendo esforzos vans por axudar a seu irmán-. Que estás a facer? E que toleaches? Sae de aquí agora mesmo! Taniaaaa!

Cando Anxo Lores recibiu a noticia de que Paco e Tania foran trasladados ó hospital, sentiu que todos os seus temores se fixeran realidade. El e maila súa dona colleron o coche e saíron axiña para aló.

-Sabíao, sabíao! –dicía sen parar ó volante do seu automóbil-. Esa rapaza... Deus queira que...

-Tranquilo, home –dicíalle a muller-. Non ha ser nada. Non corras, que imos chegar igual! E Paquiño, que lle pasaría a el?

-Por iso si que non tes que preocuparte –contestou con moita seguridade-. Eles son homes e saben coidarse. Algún golpe sen importancia, dos moitos que hai no curro. Pero ela, esa tola...! A saber o que...!

Cando chegaron ó hospital, Lois agardábaos na entrada.

-Onde a teñen? –preguntoulle o pai-. Que pasou? Como está? Vaise poñer ben? Por que lle consentiches...?

Antes de que Lois tivese tempo a responder, un médico saíu dun cuarto e dirixiuse cara a eles.

-Son vostedes os pais?

-Si, si –contestou Anxo Lores-. Fale, como está?

-A verdade é que tivo sorte. Puido ser peor –contestou o médico-. De tódolos xeitos, ten varias costelas fundidas e o brazo esquerdo roto por dous sitios. Ademais, o golpe da cabeza fíxolle perder o coñecemento e terá que quedar en observación polo menos ata mañá. Haberá que facerlle unhas probas porque con este tipo de lesións debemos ser moi cautelosos. Aínda que penso que axiña se poñerá ben.

-Grazas a Deus! –exclamou o pai-. Esta rapaza...

-Rapaza di? –preguntou o médico estrañado-. De que rapaza me está a falar?

-Papá, antes non me deches tempo a explicarche –interveu Lois-. O médico está a falar de Paco. Tania está ben. Unha enfermeira púxolle unha vendaxe nun nocello, nada máis. Un cabalo tripouna cando estaba a socorrer a Paco. Agora mandeina á cafetería tomar unha tila, mentres eu agardaba por vós. Estaba un pouco nerviosa.

-Que Tania socorreu a Paco? –dicía seu pai abraiado-. Que ela está ben?

-Si, papá. A verdade é que foi moi valente. Cando máis problemas tiñamos, ela apareceu onda nós e afastou a Paco de debaixo do cabalo. -Lois falaba orgulloso de súa irmá, mentres seu pai non daba creto ó que estaba a escoitar-. Nin sequera se queixou cando mancou o nocello e, ata que sacaron a Paco do curro, non me dixo nada.

-Mirade, por aí vén! -exclamou a nai.

Tania achegouse onde estaban a súa familia e mailo médico, amosando unha leve coxeira e un pequeno hematoma nunha fazula.

-Ola, papá -saudou cun tímido sorriso-. Ola a todos.